HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA

Escollerase unha opción do grupo teórico e unha do grupo práctico, podéndose combinar como se desexe (*A/1, A/2, B/1, B/2*).

TEÓRICO

Opción A

TEMA: *O Rexurdimento musical en Galicia* (4 puntos)

a) Música instrumental e vocal
b) Pascual Veiga

DEFINICIÓNS*:* (2 puntos)

1. *Acordes disonantes*
2. Politonalidade
3. Salmo
4. Recitativo

Opción B

TEMA: *A música profana no medievo* (4 puntos)

a) Xograres e trobadores
b) Martín Codax

DEFINICIÓNS: (2 puntos)

1. Polirritmia
2. Melisma
3. O violino
4. Antífona

PRÁCTICO – AUDICIÓNS

(4 puntos)

Opción 1

a) Identificar a obra e datación aproximada
b) Tipo de melodía
c) Ambiente e contexto cultural
d) Xénero ó que pertence

Opción 2

a) Identificar a obra e datación aproximada
b) Indicar o autor e o seu contexto
c) Xénero ó que pertence
d) Describir a formación orquestral que se escoita

HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA

Escollerase unha opción do grupo teórico e unha do grupo práctico, podéndose combinar como se desexe (*A/1, A/2, B/1, B/2*).

TEÓRICO

Opción A

TEMA: *A polifonía relixiosa no Renacemento* (4 puntos)

a) A música na Reforma protestante
b) O madrigal e o estilo madrigalesco

DEFINICIÓNS*:* (2 puntos)

1. Balada
2. Clarinete
3. Forma sonata
4. *Estribillo*/ retrouso

Opción B

TEMA: *A orquestra romántica* (4 puntos)

a) Sinfonía, concerto e música programática.
b) Beethoven sinfonista

DEFINICIÓNS: (2 puntos)

1. Estrofa
2. Piano
3. Rondó
4. Timbre

PRÁCTICO – AUDICIÓNS

(4 puntos)

Opción 1

a) Identificar a obra e datala
b) Indicar o autor e o seu contexto
c) Avaliación da orquestra que intervén
d) Xénero da obra

Opción 2

a) Identificar a obra
b) Indicar o autor e datación aproximada
c) Elementos que participan
d) Xénero da obra

CONVOCATORIAS DE XUÑO E SETEMBRO

1. Con carácter xeral, son válidos os criterios fixados no DOGA. Valorarase, así mesmo, a capacidade do alumnado para encadrar adecuadamente a forma musical obxecto de exame, ben en pregunta teórica ben en audición, no contexto histórico que lle deu orixe, achegando canto máis datos poida sobre a devandita forma musical, as súas características propias, o estilo do compositor, o seu lugar na sociedade do momento etc.

2. En canto á proba específica de audición, valorarase que o alumno poida encadrala adecuadamente no seu período histórico exacto, recoñecendo, a ser posible, a obra de que se trata; así mesmo, que poida determinar a súa forma musical, os instrumentos que nela concorren, os trazos estilísticos que a caracterizan e o lugar que ocupa na produción musical do compositor, naqueles casos nos que esta información poda obterse/ deducirse da audición.
Todos estes aspectos deberán ser desenvolvidos cunha lóxica interna na que prime, ademais dos criterios antes sinalados, o principio da non existencia de ideas contraditorias ou incompatibles dentro do mesmo comentario en particular e en xeral de todo o exame.

CUALIFICACIÓNS
1.- Haberá dous bloques, teórico/ práctico, que globalmente terán a puntuación de 6 / 4 (6 o teórico, 4 o práctico).

Teórico	(6 puntos)
Tema	4 puntos
Definicións	2 puntos
Práctico	(4 puntos)